



"Fronte ao individualismo que impera, Begoña Caamaño recuperou o colectivo como transformación"

[Marcos Pérez Pena](#)

17 de maio de 2026

<https://praza.gal/cultura/frente-ao-individualismo-que-impera-begona-caamano-recuperou-o-colectivo-como-transformacion>

Begoña Caamaño facía literatura "para a ética, para o movemento, para nos dar ás e instrumentos para o pensamento crítico e para a liberdade". E con idénticos obxectivos traballou durante décadas no xornalismo. Ana Romaní destacou [na biografía que elaborou para o especial das Letras da Academia](#) os fíos transversais que marcaron toda a traxectoria da hoxe homenaxeada no Día das Letras.

Unha lectora que despois foi autora e que nas súas obras buscou revisar os moldes (os mitos) que nos conforman e cos que non se sentía representada. Unha escritora que sempre tratou de establecer un diálogo con ese tecido continuo de voces que é a literatura. Unha xornalista que traballaba dende o rigor e o coñecemento pero sempre co obxectivo de avanzar, da transformación social, cun labor marcado por unha férrea ética que perseguía a xustiza social.

Unha muller, unha amiga, unha cidadá que nunca deixou de implicarse, de participar, de moverse. Sempre, ademais, co colectivo como idea fundamental, como destacou [nesta entrevista en Prazag.al en 2012](#). O "sorriso único, cálido, amable coma o sol nun día de xuño" [que nos deixou hai algo menos de 12 anos](#) quéntanos de novo ao ler os seus textos e ao escoitar a súa voz. Falamos coa xornalista e académica Ana Romaní sobre a figura de Begoña Caamaño Rascado.

Unha das vantaxes de homenaxear unha figura contemporánea é que hai moitas persoas que coñeces ben, en distintos momentos vitais e mesmo no momento que estaba inmersa no proceso de creación literaria, e resulta interesante coñecer o pouso que vos deixou, como era Begoña a nivel persoal e como iso se trasladaba transversalmente á súa biografía e á súa creación literaria. Así pois, como era Begoña?

Neste momento, para min, Begoña é unha grande ausencia. Percebes aínda ese oco dunha maneira emocionalmente moi forte. Para min, Begoña era unha figura dunha gran clarividencia

intelectual. Boto en falla á súa análise do mundo. Gustaríame que estivese entre nos para poder seguir falando e escoitala como analizaba as realidades, como lía o que acontecía, o que nos está acontecendo neste momento. Boto en falla esa ollada e a lucidez da súa análise porque non quedaba na superficie. Era unha persoa moi exixente consigo mesma, moi perfeccionista. Nese sentido, a súa ollada sempre nos traía unha visión diferente. E iso bótoo moitísimo en falla en tempos tan complexos como estes que estamos vivindo.

E tamén, ao mesmo tempo, ese rigor, esa exixencia extrema na lectura do mundo, ía acompañada dunha certa esperanza, dun certo entusiasmo, dunha certa convicción utópica de que é posíbel a transformación e o cambio, de que as cousas non necesariamente teñen que ser así, que poden ser de outro xeito e que hai instrumentos para facelo así, para facer posible a mudanza. Nestes tempos nos que semella que non temos folgos, que temos unha certa percepción de ter que estar sempre a comezar de novo, figuras como ela, con esa capacidade de análise e ao mesmo tempo de convicción en que é posible o entusiasmo e en que é posible a mudanza, pois fan moitísima falla.

Esa análise para a acción ou esa reflexión para a acción, entendo que estaba presente no seu traballo como xornalista e creo que é unha boa definición do xornalismo ben feito. Pero está presente tamén na súa literatura. Aínda que se entrada pode dar a impresión de que as súas obras -que falan de mitos deconstruídos- non teñen moito que ver co seu labor como xornalista, creo en realidade non distaban tanto da súa actividade e da súa forma de entender o xornalismo: dunha reflexión para a acción e todo impregnado dunha ética e buscando sempre avanzar, non si?

Si, eu coincido niso. Creo que o xornalismo e a súa obra literaria están moi relacionadas e teñen un xermolo común. Penso que na xénese está o afán de saber, a curiosidade, está a pregunta; a interrogación como base e o obxectivo de transformación. En *Circe ou o pracer do azul* está claro, pero vexo aínda máis nítido en *Morgana en Esmelle*, que é unha novela profundamente política. De feito, ela díxoo en varias ocasións: 'pretendo ofrecer vimbios para un cesto novo'. Ese estimular unha reflexión sobre a ética, sobre o sentido as cousas que facemos..., está nas novelas e por suposto está no seu xornalismo, no radiofónico e tamén no escrito.

Hai unha peza da que falo sempre, que é un artigo dela sobre Cabo Verde que é magnífico: sobre a situación do país, sobre o FMI, sobre o espolio dos países empobrecidos... e escrito ademais dunha maneira xornalística impecable. Dalgunha maneira nese artigo está xa por exemplo o programa radiofónico que foi o seu gran proxecto radiofónico: *Andando a Terra*, con esa vocación de transformación desde o coñecemento, dando instrumentos, xerando preguntas.

Resúltame rechamante por unha banda a súa decisión de recorrer aos mitos para falar da actualidade, aínda que é algo que está moi presente na tradición literaria galega das décadas anteriores. E, ademais, paréceme unha escolla moi ambiciosa, sobre todo para unha primeira novela, para debutar na literatura...

Si, aí hai varios elementos. Por unha banda está esa nena que non se le na literatura existente, ela foi lectora precoz e accedeu á *Odisea* e á *Iliada* con poucos anos e sempre falaba desa dificultade de atoparse nesas obras, de atopar personaxes que a representasen. Aí hai unha explicación de raíz: hai unha historia literaria na que non nos vemos representadas. Despois esta análise dela de que, xa que os mitos son o molde que nos conforma, que nos foi conformando na historia da cultura, polo tanto se queremos desfacer o molde temos que desfacer o mitos ou polo menos revisalos dende outro lugar.

A eses elementos, eu engadiría que Begoña Caamaño non é unha narradora que xorda aos 45 anos con afán de orixinalidade. Ela non pretende cambiar o curso da historia da literatura, non quere achegar unha novela impactante que desvele unha voz diferente, non se move neses territorios. E moito menos por un afán mercantil, co desexo de facer literatura de moda. Ela móvese noutros territorios, no territorio da paixón lectora, da necesidade de dotar de instrumentos tamén na narrativa a unha visión transformadora do mundo. E ela escribe desde aí e tamén desde unha conciencia clara dos procesos de revisión que desde o feminismo se fixeron xa desde os anos 50 60 do século pasado. Ela dialoga nas súas novelas con esa memoria, con eses procesos de reescritura de revisión da historia da cultura e da historia da literatura que se propician desde o feminismo.

En *Circe ou o pracer do azul* ela alude a iso pero alude tamén a dúas figuras fundamentais que explican a súa Penélope, que son Rosalía de Castro e Xohana Torres, tamén se escribe nunha xenealoxía. Por iso eu insisto ás veces nesa conciencia de voz colectiva que ten da literatura, ela sabe que a literatura é un diálogo, un tecido de voces e inscríbese aí e explicita os seus diálogos. Isto a min paréceme moi interesante porque sitúa a literatura e a voz literaria noutro contexto, noutras claves; non na individualidade, non na voz orixinal, senón nese saberse formando parte dun tecido de voces.

Resúltame igualmente curioso o proceso que seguiu e que a levou a comezar a publicar moi tarde, aos 45 anos, despois de varias décadas sendo unha intensa lectora. Nese momento erades compañeiras na radio. Non sei se fostes conscientes en directo dese proceso, de como rachou esa barreira e do momento en que se decidiu a escribir estas novelas....

Teño que dicir que ela foi moi discreta con este tema, co seu proceso de escritura de *Circe ou o pracer do azul*. Soubémolo cando chegou cos folios e dixo 'le isto, a ver que che parece'. Esa decisión de escribir prodúcese nun momento profesionalmente de desencanto do xornalismo ou das posibilidades de facer xornalismo polo papel dalgunhas empresas e medios. Ela decide entón que precisa outro tipo de escritura. Hai, ademais, un momento dunha situación persoal delicada, ten unha depresión, como ela mesma explicou nunha entrevista. Está de baixa e, xa con certo sosego, comeza a ir á biblioteca que había en Casas Reais, en Compostela, e aí empeza a escribir *Circe*.

Digamos que hai unha conxunción de elementos: por unha banda, unha lectora que dalgunha maneira xa está escribindo na radio pero que necesita escribir doutra maneira e que necesita establecer un diálogo coa literatura. E hai tamén esa circunstancia persoal que implica unha reflexión sobre si mesma.

Falabas ao comezo de que botas de menos a maneira en que Begoña estaría a analizar na actualidade o momento presente. Ela mantivo sempre unha grande actividade no asociacionismo, por exemplo na propia radio en defensa dos medios públicos, da pluralidade e dos dereitos laborais. Podemos imaxinar que hoxe en día mantería neste senso unha grande implicación por todos estes temas...

Claro, porque foi unha figura sempre comprometida no asociacionismo, no colectivo. Ela implicouse en moitos proxectos e fronte a este individualismo que impera, pois recuperou esa función do colectivo como elemento basilar de transformación: no feminismo, no sindicalismo, nas mobilizacións en defensa do dereito a información e dos medios públicos. É moi relevante a capacidade de implicación en proxectos diferentes, de tecer redes, pero sempre con esa visión da relevancia do colectivo, dos procesos de transformación e da acción pero tamén da teoría, da

reflexión e do pensamento. Ela dicía, por exemplo, que o feminismo é reivindicación e acción pero que ten que crear teoría.

E, igualmente, quedaron polo camiño proxectos literarios ben interesantes, como esa terceira novela na que seguiría dialogar cos mitos e mais outro proxecto, xa diferente, na que afondaría en si mesma, na súa familia...

Con respecto aos seus proxectos, efectivamente ela tiña recopilada documentación para esa futura Sherezade; isto tamén é fundamental, porque para ela, como narradora e como xornalista, os datos e a documentación eran fundamentais. E o mesmo sucedía con esa outra novela na que recrearía unha historia partir da súa bisavoa. Xa os tiña na cabeza, polo tanto, pero non tivo tempo de escribilos.

Nestes meses de celebración de Begoña están saíndo a luz moitas da súas moitísimas dimensións persoais. Ti que a coñeciches, non sei se pensas que hai algunha da que aínda non se falou suficientemente. Estou pensando por exemplo nesa condición de viaxeira, que apuntas na biografía que realizaches para a Academia, e que ademais desenvolveu tamén nese programa de *Andando a Terra*. Penso que era un aspecto importante da súa personalidade que ten que ver coa súa curiosidade, non si?

Si, ela era unha gran viaxeira pero tiña unha posición de viaxeira que se afastan do tópico. De feito, o seu último texto, a última cousa que escribiu e que se publicou é unha reflexión e un percorrido para algunhas da súas viaxes: [*Viaxar para ler o mundo*](#), que se publicou a instancias de Chus Nogueira, que estaba facendo un traballo sobre as escritoras e a viaxe. Para ela a viaxe era un proceso de coñecemento e un proceso de descuberta da pluralidade que nos conforma, da diversidade.

Ela era unha internacionalista convencida e unha gran coñecedora de política internacional e dos movementos de liberación. Viaxou a Senegal, a Cuba, a Cabo Verde, a Chiapas... , viaxou aos lugares nos que estaban pasando cousas moi relevantes en procesos de transformación social e política de determinados países. É moi interesante esa visión de Begoña porque explica tamén a narradora e a xornalista que foi.

Begoña tivo dúas cidades: Vigo e Compostela, pero paréceme salientable a súa procedencia viguesa do Calvario e a súa mocidade en Coia. É unha oportunidade para visibilizar que a cultura galega tamén medra en espazos urbanos e en barrios populares?

Si, porque tamén ese barrio de orixe do Calvario, esa procedencia tan claramente de cidade, de barrio, é moi relevante para explicar a súa traxectoria e tamén o seu traballo no xornalismo. De feito, ese tránsito do Calvario a Coia debeuna marcar moito. Ela era moi viguesa, vivía moi intensamente a súa cidade, as mobilizacións obreiras e sociais da década dos 80. Iso debeu ser moi relevante para ela e a nós, hoxe, permítenos ter unha visión da historia literaria e cultural moito máis diversa, con esa importancia decisiva dos barrios e das cidades na conformación da nosa historia cultural.